

SOLUCIÓNS ACTIVIDADES 3º ESO SEMANA 16-20 DE MARZO

1ª SESIÓN:

Palabras patrimoniais, cultas e semicultas. Páxina 89

1.

LUNAM: lunar; COLOREM: cor; LACTEM: lácteo/a; OCULUM: ollo; AURICULAM: aurícula; NOCTEM: noite; PLANTARE: cantar.

2.

Acuáticas; donativo; clave; capilar; xeou; pluviómetro.

3.

Dolorosa; personaxe; luminescente [no manual aparece por erro *luminiscente].

4.

Primeiro: que nunha serie vai antes que ningún outro.

Primario: que vai primeiro no tempo ou que ocupa o primeiro grao.

Mancha: marca deixada por algo que ensucia.

Mácula: mancha na reputación.

Chamar: procurar que unha persoa ou animal acuda ou preste atención dicindo o seu nome en voz alta ou mediante sons ou exclamacións específicas.

Clamar: expresar en alta voz, en termos violentos, ou manifestar mediante gritos [unha queixa, unha súplica, unha petición, reivindicación etc.].

Chan: [terreo, superficie] sen desniveis, igual en todas as súas partes.

Plano: [terreo, superficie] sen curvas, sen ondulacións, sen desniveis.

Caldo: comida constituída fundamentalmente de verduras, fabas e unto, cocidos en auga só ou con outros ingredientes (patacas, carne, chourizo, touciño...).

Cálido: [clima, lugar] de altas temperaturas.

Estreito: de pouca largura ou de menos largura do que se considera normal.

Estrito: que deixa moi pouca liberdade de acción ou de interpretación, que non dá lugar á benevolencia ou á excepción.

Madeira: materia compacta e dura que está debaixo da casca das árbores e doutras plantas.

Materia: substancia que ocupa un espazo, que ten masa e peso e que é do que están constituídos os corpos.

Concello: corporación constituída polo alcalde e os concelleiros, que ten ao seu cargo a administración dun municipio.

Concilio: asemblea de bispos da Igrexa católica para tratar cuestións de dogma.

5. Seita; preamar; regra.

Por que se di en galego **coronavirus** e non ***coroavirus**?

Porque para a terminoloxía de orixe científica se usan os cultismos, isto é, palabras máis achegadas ao étimo latino ou grego. Xa que logo, a variante culta de *coroa* sería *corona* (<lat. CORONA) e por ese motivo a forma correcta para designar o virus é CORONAVIRUS.

Premede na palabra **corentena** e explicade a orixe da mesma segundo explica **O Portal das Palabras**.

Sinalade os diferentes significados que ten.

O termo corentena provén da Venecia devastada pola Peste Negra do século XIV: *quarantina giorni*—**corenta** días— era o tempo que as persoas infectadas pasaban illadas para evitar a expansión da enfermidade

Corentena designa, pois, o período de illamento de persoas enfermas, ou sospeitosas de selo, co fin de conter unha epidemia. Outros significados: idade comprendida ente os corenta e cincuenta anos, dicimos *está na corentena* e conxunto de corenta elementos, *ten unha corentena de videoxogos*.

2ª SESIÓN:

3ºA, B e REFORZO: pronomes persoais.

Páxina 117

1. Eu: pronome persoal tónico recto de 1.ª persoa do singular; SUXEITO.
Ela (en *a ela*): pronome persoal tónico recto de 3.ª persoa do singular feminino; CI.
Ti: pronome persoal tónico recto de 2.ª persoa do singular; SUXEITO.
Ela: pronome persoal tónico recto de 3.ª persoa do singular feminino; SUXEITO.
Nos: pronome persoal átono de 1.ª persoa do plural; CD.
Me: pronome persoal átono de 1.ª persoa do singular; CD.
Min (en *a min*): pronome persoal tónico oblicuo de 1.ª persoa do singular; CI.
Me (en *vaim*): pronome persoal átono de 1.ª persoa do plural; CD.
Che: pronome persoal átono de 2.ª persoa do singular; CI.
O: pronome persoal átono de 3.ª persoa do singular masculino; CD.
2. Min; connosco; nós; vosoutros; con vós.
3. **El sempre quere sentar comigo.**
Cando timbraron, **ela** estaba na cociña **convosco** e **elas** conversaban no sofá.
Iso é **del**, non **dela**.
Todos **nós** ficamos perplexos ao ver a **ela** falar para **si** mesma.
4. Non sabía que **che** tocara a lotaría!
Xa **che** dixen que hoxe non **te** podía levar á casa.
Busqueite por toda a biblioteca, mais non **te** encontrei.
Onte chameite para chamarche a atención.
Ten que che dar / Ten que darche / Tenche que dar igual cando vaian vir.
Mordeute? Mordeuche unha perna?
5. Diríxome a vostede para que me axude con isto.
Xa lle contei todo o que quería saber.
Eran vostedes os que ían no iate?
Non llelo repito máis; á próxima van fóra!
Quere que o/a acompañe ao dentista?
6. Déixaa ben estacionada.
Dállo.
Non te avisei que tiveses coidado coa gata?
Xa llelas compraches?
—Saudáchelo? Saudeino, si.
Podería cobrarma?

7. Che: solidariedade.

Che: interese.

Te: reflexivo.

Che: solidariedade; me: interese.

8. Sempre o vemos no supermercado.

Agora che dou o agasallo. / Agora douche o agasallo.

Griteilles pola xanela e saudáronme.

Nunca a vin tan enfadada.

Todos nos viron atravesar en vermello.

Cando llelo ides confesar? Porque vos van descubrir.

9. Desapareceu despois de falar comigo.

A Xabier hai ben tempo que non o vexo.

Lava ben as mans e ven sentar á mesa.

Cóbrasme, por favor?

Caeu da árbore e rompeu unha perna.

Mañá vou convosco no bus, de acordo?

Estalle ben boa a comida, señora Amelia.

Como te parece a ela!

Este neno non che me come nada.

Non llelo puider dicir a eles.

3º C, D: cuantificadores, identificadores e numerais,...

Páxina 93

1. Moitas: pronome cuantificador variábel.

Nada: pronome cuantificador invariábel.

Todas: pronome cuantificador variábel.

Algún: pronome cuantificador variábel.

Calquera: pronome identificador variábel.

Todo: pronome cuantificador variábel.

Todo: pronome cuantificador variábel.

Demais: pronome identificador invariábel.

Tal: pronome identificador variábel.

Tamén poden identificarse os pronomes numerais.

2. Ningún: MODIFICADOR.

Calquera: NÚCLEO.

Demasiados: DETERMINANTE.

Que: DETERMINANTE.

Sete: NÚCLEO.

Dupla: NÚCLEO.

Centos: NÚCLEO.

Pouco: DETERMINANTE.

Dezasete: MODIFICADOR.

Cada: DETERMINANTE.

Tales: MODIFICADOR.

3. Calquera persoa se pode presentar á proba escrita.

Nótase certa afinidade entre ambos.

Sempre está a pensar no mesmo.

Non fai ben **ningunha** cousa.
Os **demais** veñen mañá.
Onte visitamos **varios** lugares.
Hoxe é difícil ter unha casa **propia**.
Ninguén é culpábel até que se demostra o contrario.
Xamais recibín **tal** dedicatoria.
Nalgúns casos, poden existir outras solucións.

4. 1: un.
7.º: sétimo.
8.º: oitavo.
36.º: trixésimo sexta.
54.º: quincuaxésimo cuarta.
101.º: centésimo primeira.
259: douscentos cincuenta e nove.
534: quiñentos trinta e catro.
1.002: mil dous.
1.000.000.º: millonésimo.
x5: quíntuplo.
x8: óctuplo.
/2: medio.
/15: quinceavo.
/23: vinte e tresavo.
5. 2 músicos/as – dúo; 5 anos – lustro; 12 ovos – ducia; 7 días – semana; 15 días – quincena; 40 días – corentena; 80 anos – octoxenaria/a; 1000 anos – milenio.
6. Elas non son **quen** para facerche ese desprezo.
Preguntoume **onde** ía ir na fin de semana.
O/a que / Quen acabar antes pode saír.
Construíron un edificio **que** se pode ver desde calquera lugar no **cal** te sitúes.
Que calor vai hoxe!
Subín as escadas **cuxos** chanzos son azuis.
Cales son as condicións das avogadas?
Vinte na librería **onde** / **en que** había tanta xente.
7. Finalmente **quen** veu á festa?
Marcharon **ambos os fillos** / **os tres fillos** para o Brasil.
Dáme un bolígrafo **calquera**.
Ambas as candidatas debían gañar.
Fun ao mecánico **que** che arranxou a moto.
Que **cadaquén** amañe a súa vida.
Tes que parecete a teu pai **en algo**.
Fan reparacións no *spa* para ampliar **a súa capacidade** / **a capacidade deste**.
Hai veces **en que** é mellor calar.
Traballa a **todas as** horas.

3ª SESIÓN: 3ºA, B e REFORZO: A puntuación II.

Páxina 143

1. Valeriana: Mamá, aínda non sabes o que pasou? Hai outra boa nova! Haberá máis traballo para ti! Veu un pintor alemán á Coruña e, xusto cando estaba preguntando na rúa por Brigantia, a pintora, apareceu a meiga Xuliña Augamariña e amosoulle a nosa casa; aos poucos chegou á nosa porta... É un home moi fino e educado... moi ben parecido.
Brigantia: (Moi abraiada) Santa Albricia! Non pode ser... mais... como un pintor alemán coñece o meu nome e sabe da miña pintura?

2. Finalmente dixo: “Chove”. Inicio dunha cita textual.

Non sei... Creo que vou marchar. Dúbida.

Acudiron todos: o pai, a nai, o avó e a avoa. Anuncio dunha enumeración.

Xa pensaches que vas facer? Enunciado interrogativo directo.

Bah! Interxección.

“Na casa do ferreiro, coitelo de pau”. Cita textual (dun refrán).

Fai o que che apeteza: ler, xogar, durmir... Enumeración aberta.

Non precisaba correr: aínda era cedo. Inicio dun comentario explicativo.

3. As miñas mellores amigas son Lila, Dores e Vitoria.

Unicamente vexo filmes de dous directores: Almodóvar e Amenábar.

Abriu o ollos e pensou: “Cinco minutos máis e xa me ergo”.

Ten na casa unha colección de instrumentos musicais: frauta, violín, óboe etc.

Onte comprei un libro, un secador, un caderno de follas milimetradas....

Prezado Xosé:

Escriboche para lembrarche que mañá a reunión é ás cinco.

Comer, durmir e facer deporte: estes son os tres puntos básicos dunha vida saudábel.

Ese libro contén moitos substantivos abstractos; por exemplo: imaxinación, beleza e paz.

4. Eles din: “Se entras no xogo... terás que perder a vergoña”.

Na década dos setenta María Xosé Queizán publica tres relatos: “Tolería para unha desmitificación”, “Eros e Tánatos” e “O tapete de ganchillo”.

“Vas ficar aí quieta”, ordenoulle súa nai.

Cal é o significado da expresión “E ti de quen vés sendo?”

Einstein dixo: “A mente é como un paracaídas... Só funciona se a temos aberta”.

Estaba todo “delicioso”... Se o sei, non veño.

Deu a volta e engadiu: “Tes que avisar o médico inmediatamente”.

A palabra “software” é un préstamo do inglés.

5. Lúa é a miña gata; non unha persoa.

Ei! Tes fame? Queres pizza, hamburguesa, prato combinado...

Xa o di o refrán: “En abril, augas mil”.

3º C, D: Uso de maiúsculas e minúsculas.

Páxina 95

1. Que: inicio de enunciado; Hahahaha!: despois de sinal de interrogación; Seica: após sinal de exclamación.

Estou: comezo de enunciado; *A Odisea*: título dunha obra literaria.

Gabrielle Bonheur “Coco” Chanel: nome propio de persoa; París: topónimo.

O: inicio de enunciado; Museo do Pobo Galego: nome dunha institución; Sabíalo: despois de punto e seguido.

Sra.: abreviatura de tratamento; María: antropónimo; *Faro de Vigo*: título dunha publicación periódica (xornal).

Guillherme: antropónimo; Este: inicio dun discurso directo ou citación textual; Nadal: nome dunha festa.

2. Prezado amigo: escriboche este e-mail para te convidar á presentación do **Xabarán Club**.

O alcalde de **Rianxo** inaugura o congreso **Castelao Hoxe**.

No xornal **Praza Pública** hai unha sección de cultura moi interesante.

Rosalía de Castro publica **Cantares Gallegos** en 1863.

A **Orquestra Sinfónica** interpretou na cidade coruñesa *O soldadiño de chumbo*.

O meu mozo naceu na **Coruña** o luns 28 de xullo de 2001.

Chile é un país situado no extremo suroeste de **América**.

3. Leonardo da Vinci

Leonardo da Vinci nace na Toscana (Italia) en 1452. Este artista, que esta fóra de toda norma, encarna o renacemento, o humanismo, o descubrimento do mundo e as novas tecnoloxías. Como pintor de encargo realiza unhas trinta obras, das cales unha cuarta parte se lle atribúe con certeza. Ao longo de toda a súa vida, deseña e anota os froitos das súas investigacións e reflexións nuns cadernos que son magníficas testemuñas dos seus profundos coñecementos en diversos dominios: arquitectura, urbanismo, anatomía, mecánica...

O rei Francisco I convidou a Leonardo da Vinci a instalarse en Francia e nomeouno pintor, enxeñeiro e arquitecto real. En 1519, Leonardo da Vinci morre no pazo de Cloux, preto de Amboise (Francia).

Caroline Desnoëttes: *Mirar a pintura a través dos séculos*.

4. O escritor ourensán Xosé Luís Méndez Ferrín, autor de *Con pólvora e magnolias*, recibiu o premio Otero Pedrayo.

Todas as persoas asistentes –aínda que se neguen– terán que someterse a un control por parte da policía.

A Consellaría de Educación acaba de resolver a convocatoria dos premios de excelencia no Bacharelato.

No acuario teñen moitos animais: tiburóns, focas, cabalos de mar... E nunca os vin... Como me tarda!

No 7 de abril conmemorouse o Día Mundial da Saúde e eu estiven ingresado no hospital universitario Lucus Augusti.